



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretaria a do Concello D^a. Paula Ramos Díaz e como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3345.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26/01/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 26 de xaneiro de 2010, núm. 433, a que quedou aprobada por unanimidade.

3346.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que segue: "3342.- ESCRITO DO CONCELLO DE VILABOA REMITINDO CERTIFICACIÓN PLENARIA DE 25 DE NOVEMBRO DE 2009 SOBRE REDUCION DA LIÑA DE COSTAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Goberno, Xunta de Galicia, Concello de Vilaboa, Concello de Marín, Concello de Bueu e Concello de Sanxenxo; 3343.- RATIFICACIÓN ACORDOS XGL APROBACIÓN PROXECTOS DE INVESTIMENTOS A FINANCIAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTIBILIDADE LOCAL 2010.-

Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3344.- RATIFICACIÓN ACORDOS XGL APROBACIÓN PROXECTOS DE INVESTIMENTOS A FINANCIAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTIBILIDADE LOCAL 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3345.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE POIO, NA QUE SE SOLICITA A DERROGACIÓN DAS "BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO".- Uniuse certificación do acordo ao expediente remitiuse á Xunta de Galicia".

A Corporación dáse por enterada.

3347.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos da orde do día. A Corporación dáse por enterada.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS OS CONCELEIROS D. XULIO BARREIRO LUBIÁN E D^a. MARÍA LUZ SENRA LORENZO.

3348.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A REFORMA DO SISTEMA DE PENSIÓNS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular en relación co sistema de pensións e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular, de data 9 de febreiro de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 9 de febreiro de 2010, e que tras unha ampla exposición de motivos solicita que se aprobe o seguinte acordo:" 1. Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado. 2. Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible."

Pola Secretaria da Comisión, dáse lectura íntegra da moción.

A continuación toma a palabra a concelleira D^a María Irene Liger Iglesias explicando o contido da mesma, manifestando que o Goberno do Partido Socialista retira para todos igual o dos 400 euros, sen ter en conta a situación dramática de moitas familias e dos pensionistas que se verán recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que esta moción presenta erros de bulto, xa que non é certo que as pensións

baixen, o que sube é o IRPF.

En canto aos 400 euros non desaparecen para todos, ás pensións baixas non llos quitan, só se quitarán para as pensións altas. O dos 400 euros no seu momento foi unha mala medida pero é precisamente agora cando ten máis cabida.

Se existe algunha decisión tomarase no Pacto de Toledo, polo que teño entendido.

A Sra. Besada Lores di que o Partido Popular non perde oportunidade de facer demagogia. O tema dos 400 euros non se lles retira a todas as rentas e o que si teño claro e que o tema das pensións vaise debatir no Pacto de Toledo. Esta moción é unha demagogia que non ven a conto. O Partido Popular se quere pode subir as pensións en Galicia e en cambio teño entendido que as quería baixar pero tiveron manifestacións en contra e rápido a retiraron.

A Comisión por 4 votos a favor do P.P., ningunha abstención e 6 votos en contra do BNG e PSOE acordou ditaminar desfavorablemente dita moción.”.

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Ligerio Iglesias e di que os pensionistas son os que máis están a pagar a crise. Cobran menos que o ano pasado porque se subiu o IRPF e esta medida afecta a 150000 galegos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a medida da supresión dos 400 € non lles afecta á maioría dos pensionistas. Esta medida é máis correcta agora que o ano pasado.

A Sra. Besada Lores di que se non fora un tema tan serio parecería de risa que o PP esté presentando unha moción polas pensións. O PP olvidouse neste orzamento de engadir o incremento adicional que tiña previsto para os galegos e tamén se olvidou que gobernou 8 anos en España e neses anos puidose reforzar os fondos das pensions e non se fixo e xa falaban de incrementar a idade de xubilación aos 70.

Para máis datos, no 2004 o Sr. Zapatero encontrouse que o fondo de reserva de pensións era de 15.000 millóns e agora mesmo está en 60.000 millóns €. Así que non poden darnos leccións, pensen e sexan coherentes.

A Sra. Ligerio Iglesias di que por 1ª vez non se vai a depositar nin un euro no Fondo de Reserva.

A Sra. Besada Lores di que os parados teñen polo menos unha prestación de 400 € e cando gobernaba o PP rediciuse o tempo das prestacións. O ano pasado incrementouse o fondo en 9 millóns.

O Sr. Barreiro Lubián di que parece demagogia vir falar do incremento de paro neste momento, ademais coa exposición de motivos parece que se falta á verdade polo que non se

debería de votar e ademais debería de retirarse.

Sometida a votación o texto da moción presentado polo Grupo Municipal do P.P. en relación co sistema de pensións este quedou denegada por 6 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 do BNG e 3 do PSOE) e ningunha abstención.

3349.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE ADHESIÓN AO MANIFESTO "GALICIA TEN DEREITO".- Dáse conta á corporación do expediente tramitado co motivo da moción presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 09 de febreiro do 2010, polo Grupo Municipal Popular na que se propón ao pleno da Corporación á adhesión ao Manifesto "Galicia ten dereito". Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular, de data 9 de febreiro de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 9 de febreiro de 2010, e que tras unha ampla exposición de motivos solicita que se aprobe o seguinte acordo:" O Pleno do Concello de Poio acorda adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito", dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España".

Pola Secretaria da Comisión, dáse lectura íntegra da moción.

O Sr. Domínguez Lino explica o contido da moción indicando que o Grupo Popular o que quere con esta moción é adherirse ao manifesto que se presentou no Parlamento de Galicia sobre o futuro do sistema financeiro galego.

O Goberno de España presenta un recurso ante o Tribunal Constitucional, contra esta Lei de Caixas, e o Goberno de Galicia tense que enterar pola prensa; o anticonstitucional para Galicia non o é para o País Vasco, Cataluña etc.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que o seu grupo político está de acordo con esta moción para o cal presentamos unha moción, de data 10 de febreiro de 2010, propoñendo o acordo de adhesión ao manifesto "Galiza ten dereito" que se xunta á moción.

Creemos que as dúas caixas deberían fusionarse para preservar e garantir a galegitude das caixas galegas e que queden en Galicia. É un sistema de financiación, importante mecanismo económico. É unha barbaridade non apelar para facer unha Caixa sólida e consolidada.

A Sra. Besada Lores di que o PSOE vai votar en contra. Presentamos, no día de hoxe no Rexistro Xeral deste Concello de Poio, unha moción que queremos que se trate nesta Comisión por urxencia.

Estamos de acordo cunha caixa forte pero non coa fusión de Caixa Galicia e Caixanova que se esta facendo de forma

dictatorial, ademais de que teño entendido que se encontra en mellor situación de solvencia económica Caixanova que Caixa Galicia polo que perxudicaría a Caixanova. Que se faga dentro da legalidade e sen control político dos Consellos de Administración por parte do actual partido do Goberno, como se quere facer.

A continuación a Sra. Besada Lores pasa a dar lectura dos termos da moción que se tratará por urxencia nesta Comisión.

O Sr. Domínguez Lino pregúntalle que di non estar de acordo coa fusión das dúas caixas galegas pero ¿qué caixas entón?, Caixanova non está mellor que Caixa Galicia, segundo o Banco de España as dúas caixas están en bastantes dificultades.

O Sr. Barreiro di que se fala de democracia pero os consellos de Administración actuais das caixas están nomeados a dedo. Precisamente o que fai falta é un control político. Esta Lei é precisamente para conseguir unha Caixa Galega solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

A Comisión por 9 votos a favor do BNG e P.P., ningunha abstención e 2 votos en contra do PSOE acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Con data 17 de febreiro de 2010, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello, núm. 957 escrito asinado por D. Xulio Barreiro Lubián actuando en calidade de Voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no que se presta conformidade á adhesión ao Manifesto Galiza ten Dereito.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Domínguez Lino e explica que ao adherirse o BNG a este manifesto xa hai dous grupos municipais de acordo.

Esperamos que isto chegue a bo porto para evitar quedarnos sen unha caixa galega. Para Galicia é importante ter esa Caixa forte e nos posicionámonos como quinta caixa española.

O Sr. Barreiro Lubián di que o Grupo do BNG está de acordo co manifesto pero non estamos de acordo coa actitude do goberno da Xunta para negocialo. Creo que é legal a lei aprobada no parlamento galego polo que o goberno galego non debería someterse ao goberno español.

A Sra. Besada Lores di que van votar en contra e propoñemos que se recolla as propostas da moción onde expoñemos os motivos en contra.

Que quede claro que o PSOE non se opón á fusión pero queremos que sexa dentro do marco da legalidade.

O Sr. Barreiro Lubián di que os informes pedíronse á asesoría xurídica do goberno galego e foron positivos, nos que se dixo que isto é constitucional e outros din que non está claro que os xuristas do parlamento dixeron que é constitucional. Os Consellos de Administración son o máis antidemocrático que se poida imaxinar.

A Lei aprobada buscaba garantir que a fusión se levara a cabo aquí en Galicia sen presións externas.

Sometido á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular xunto coa adhesión formulada por escrito polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego esta quedou aprobada por 13 votos a favor (7 do BNG 6 do PP), 3 votos en contra do PSOE e ningunha ausencia, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito".

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos Grupos Parlamentarios Galegos, Xunta de Galicia e Goberno Central.

3350.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE BONIFICACIÓN IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) EXP. 167/09 DE D. RAMÓN QUIÑONES QUIÑONES.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Ramón Quiñones Quiñones de data 27 de maio de 2009, que tivo entrada no Rexistro Xeral o 27 de agosto de 2009 e número de rexistro 4428 no que solicita a concesión da bonificación do 95% do Imposto de Construción, Instalacións e Obras segundo o artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto para as obras de cambio de acabados interiores e carpintería exterior nas plantas 1º e 2º e baixo cuberta dunha edificación sita en avda. Francisco Regalado, 1 de Combarro.

Dáse conta igualmente do ditame emitido con data 16 de febreiro de 2010 pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia do propietario da edificación que se pretende rehabilitar dentro da Área de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo, prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, de data 4 de xaneiro de 2010, polo que se informa favorablemente o expediente de rehabilitación en dita área, así como do informe da intervención municipal, de data 19 de xaneiro de 2010, de que a ordenanza fiscal preve a concesión dunha modificación individual de ata o 95% da cota que resulte por aplicación do tipo impositivo

previsto para as vivendas unifamiliares e que a bonificación ten que aprobarse polo Pleno do concello por maioría simple.

A Comisión por unanimidade acordou propoñer ao Pleno a aprobación da bonificación do 95% da cota do ICIO da obra Expte. 167/09 D. Ramón Quiñones Quiñones e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar ao propietario o 5% do ICIO."

Non subscitándose debate ningún e unha vez sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda este quedou aprobado polos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a bonificación do 95% da cota do ICIO da obra Expte. 167/09 D. Ramón Quiñones Quiñones e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar ao propietario o 5% do ICIO

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación dos recursos que procedan.

3351.- BORRADOR DO CONVENIO A SUBSCRIBIR POLOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, SANXENXO, POIO E BUEU COA SOCIEDADE ESTATAL DE AUGAS DÁ CONCA DO NORTE. SA (ACUANORTE).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do borrador de convenio que hai que subscribir para a construción e explotación da actuación do novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa Ría.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente e manifesta que cre que o Concello de Poio debe estar porque a rede de alta de auga está en moi mal estado, non sei o que farán os demais concellos implicados que son Pontevedra, Sanxenxo, Marín e Bueu.

Consistiría nun financiamento por unha parte 50% Fondo Europeo (FEDER), outra parte o Concello por vía de préstamo e unha terceira parte con cargo á Conca Hidrográfica que o Concello terá que devolverlo. O tipo de xuro é dun 4'5% que neste momento é alto.

Traese para aprobar o borrador e remitilo á Conca Hidrográfica pero cando nolo poñan diante para asinalo coas cifras definitivas veremos se ou asinamos ou non, se agora non nos adherimos despois non o podemos facer.

O Sr. Domínguez Lino di que hai que estudalo ben e

con detenimento xa que estamos falando de comprometernos ata o ano 2058; ver se os outros concellos se adhíren ou non. Hai que pagar unha cantidade durante 45 anos.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP, para estudalo ata o Pleno, acordou ditaminar favorablemente a adhesión ao borrador presentado e que se unan ao expediente informes do Técnico e Xurídico que faltan e propor ao Pleno a súa aprobación."

Dando cumprimento ao acordo da Comisión de Facenda con data 19 de febreiro de 2010 incorpóranse ao expediente os informes emitidos polo Enxeñeiro Municipal e Secretaria Xeral e que din o que segue:

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal: "A rede principal de subministración de auga do municipio de Poio vén canalizada a través dun tubo de fibrocemento, ou cal dota ao resto das redes ata o subministro ás vivendas, industrias, parques, etc; esta canalización localízase a longo da Estrada PO - 308 dende á Barca ata Raxó. Os Municipios de Poio e Sanxenxo dótanse da auga que provén de Pontevedra a través desta canalización en diámetro 500 mm ata o lugar de Albar, nas proximidades do depósito de augas, a partir deste punto derívanse en dúas canalizacións, unha para Poio en fibrocemento en diámetro 350 mm e outra en fundición en diámetro 400 mm para Sanxenxo.

É de comentar tanto do grupo de goberno como da parte técnica do Concello de Poio, realizáronse conversacións con representantes de Augas de Galicia e Concello de Sanxenxo para a posibilidade de facer uso conxunto da canalización de fundición que vai a ese Concello, sen ter unha resposta favorable por ambas as dúas administracións.

Tanto a rede principal como parte da rede secundaria é bastante antiga e está composta de tubos de fibrocemento, material que está en desuso pola súa curta vida debida ao debilitamento en comparación coa fundición, PVC ou polietileno. Isto leva cávasconsigo constantes tanto por diferenzas de presión coma de temperatura, traendo como consecuencias ou corte de subministro de auga, perigosidade de posibles axentes contaminantes de amianto na auga debido ás roturas, a estrada chea de parches, mala imaxe de cara aos veciños de Poio, etc.

ACUANORTE, Augas da Conca do Norte do Ministerio de Medio e Medio Rural e Mariño e os Concellos limítrofes da ría de Pontevedra que se proveen en parte das mesmas augas, teñen prevista a realización dun proxecto moi ambicioso para estes municipios. este proxecto, como as obras que hai

que realizar, serán cofinanciadas nun 50% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). No mencionado proxecto contemplárase, para o municipio de Poio a substitución da Canalización de fibrocemento así como o dimensionamento da mesma de cara a medio e longo prazo, este proxecto sería de grande importancia para este Concello e oportunidade inmejorable para cando se realicen as obras para a planificación de dotación, substitución ou mellora de servizos que competen ao Concello, sendo a realización destes sempre moi condicionada e restritiva pola afección da estrada PO - 308.

En opinión deste técnico sería un proxecto moi importante e dun interese xeral para todos os veciños do municipio de Poio."

Informe emitido pola Secretaria Xeral con data 19 de febreiro de 2010: "Asunto: convenio coa Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, S.A. Para a construción e explotación da actuación "NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA".

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, Secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 3 do Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito ou seguinte INFORME

Antecedentes de feito.

Borrador de convenio coa Sociedade Estatais Augas do Cuenca do Norte, S.A. Para a construción e explotación da actuación "NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA".

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Abastecemento de auga potable.

O art. 26.1º.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, consideran o abastecemento de auga potable como servizo de obrigatorio prestación en todos os Municipios.

Segundo.- Potestade convencional.

De forma xenérica o art. 88 dá Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece no seu parágrafo primeiro:

"As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por

obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin".

O seu parágrafo cuarto engade ademais que non poderán supoñer alteración de competencias nin de responsabilidade de autoridades ou funcionarios respecto do funcionamento dos servizos públicos.

De forma específica e no ámbito contractual, o actual art. 25 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público dunha forma máis precisa que o anterior art. 4 do Real decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, dispón:

"Nos contratos do sector público poderán incluírse calquera pacto, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración."

Non obstante, interesa destacar a verdadeira figura da que trae causa o convenio para os efectos de determinar a normativa aplicable e polo tanto os límites aos que debe suxeitarse o Concello de Poio para poder subscribir o mesmo.

Terceiro.- Adecuación á normativa contractual. Encomenda de xestión.

Segundo a cláusula primeira do borrador do convenio, este ten por obxecto que, entre outros, o Concello de Poio encomende de forma directa a AcuaNorte a formación de proxecto, expediente de contratación e explotación de distintas obras e instalacións definidas no borrador ligadas ao abastecemento de auga potable sen que exista unha delimitación ou definición das que corresponden ou afecten ao propio concello.

Non seu expositivo primeiro, o borrador destaca: "A Sociedade Estatal Augas do Norte, S.A. (en adiante acuaNorte), foi constituída o día 30 de xullo de 2001, previo acordo do Consello de Ministros nos termos previstos no art. 158.5 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como no artigo 132.1 do Texto Regundido da Lei de Augas, aprobado por Real decreto Lexislativo 1/2001, sendo o seu obxecto social a contratación, construción e explotación, se é o caso, de toda clase de obras hidráulicas e o exercicio complementario de calquera actividades que deban considerarse partes ou elementos do acto hídrico e estean relacionados con aquelas, así como a xestión dos contratos para os estudos, proxectos, construción, adquisición ou explotación das obras hidráulicas, así como o exercicio

daquelas actividades preparatorias, complementarias ou derivadas das anteriores; podendo así mesmo realizar estas actuacións coa colaboración dos beneficiarios das obras mediante o pagamento da contraprestación a convir e / ou a cooperación doutras Administracións interesadas nas mesmas."

E como Segundo alude a "...dentro do vixente Convenio de Xestión Directa...".

O art. 4.1º.n da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público excclúe do ámbito de aplicación da lei:

"Os negocios xurídicos en cuxa virtude se encargue a unha entidade que, conforme ao sinalado no artigo 24.6, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico do mesmo, a realización dunha determinada prestación. Porén, os contratos que deban celebrarse polas entidades que teñan a consideración de medio propio e servizo técnico para a realización das prestacións obxecto do encargo quedarán sometidos a esta Lei, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os celebre e o tipo e contía dos mesmos, e, en todo caso, cando se trate de contratos de obras, servizos ou subministracións cuxas contías superen os límites establecidos na Sección 2.ª do Capítulo II deste Título Preliminar, as entidades de dereito privado deberán observar para a súa preparación e adxudicación as regras establecidas nos artigos 121.1 e 174."

O art. 24.6º sinala: "Aos efectos previstos neste artigo e no artigo 4.1.n), os entes, organismos e entidades do sector público poderán ser considerados medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adxudicadores para os que realicen a parte esencial da súa actividade cando estes ostenten sobre os mesmos un control análogo a que poden exercer sobre os seus propios servizos. Se se trata de sociedades, ademais, a totalidade da súa capital terá que ser de titularidade pública.

En todo caso, entenderase que os poderes adxudicadores ostentan sobre un ente, organismo ou entidade un control análogo a que teñen sobre os seus propios servizos se poden conferirlles encomendas de xestión que sexan de execución obrigatoria para eles de acordo con instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante e cuxa retribución se fixe por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que dependan.

A condición de medio propio e servizo técnico das entidades que cumpran os criterios mencionados neste apartado deberá recoñecerse expresamente pola norma que as

cre ou polos seus estatutos, que deberán determinar as entidades respecto das cales teñen esta condición e precisar o réxime das encomendas que se lles poidan conferir ou as condicións en que poderán adxudicarselles contratos, e determinará para elas a imposibilidade de participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores de que sexan medios propios, sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, poida encargarselles a execución da prestación obxecto das mesmas."

En canto á encomenda de xestión o art. 15.1º, 4º e 5º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispoñen:

"1. A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

...

4.Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e Entidades de distintas Administracións formalizárase mediante sinatura do correspondente convenio entre elas, agás no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou se é o caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de Réxime Local.

...

5.El réxime xurídico da encomenda de xestión que se regula neste artigo non será de aplicación cando a realización das actividades enumeradas no apartado primeiro teña que recaer sobre persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, axustándose entón, no que proceda, á lexislación correspondente de contratos do Estado, sen que poidan encomendarse a persoas ou Entidades desta natureza actividades que, segundo a lexislación vixente, teñan que realizarse con suxeición ao dereito administrativo".

Polo que en atención á normativa exposta son vario as consideracións realizar:

- O borrador de convenio instrumentalízase a través dunha encomenda de xestión en favor do Ministerio de Medio Ambiente e do Medio Rural e Marino que asume os contidos propios do mesmo a través de suposto medio propio, AcuaNorte. Aínda que a cláusula terceira punto 2 do borrador de convenio se prevé que AcuaNorte axustarase na

contratación das obras a levar a cabo ás prescricións da Lei 30/2007, de 30 de outubro, a funcionaria que subscribe ou presente informe carece dous datos e documentación necesaria para poder enxuciar se dita sociedade cumpre cos parámetros do art. 24.6º da Lei 30/2007, de 30 de outubro ou dos previstos no parágrafo 5º do art. 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e polo tanto a legalidade da actuación.

- Existen aspectos do borrador do convenio que permanecen abertos como é a indeterminación e definición das obras que afectarán ao Concello de Poio, ou período de construción e posta en marcha das obras... así como outros extremos analizados no informe de intervención que permiten realizar serias obxeccións ao cumprimento dos límites das potestades convencionais nos termos do art. 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

- Así mesmo, dita indeterminación impide analizar axeitadamente as consecuencias que os efectos do convenio provocará na concesión, en canto xestionado indirectamente, que do servizo de abastecemento existe na actualidade, podendo dar lugar ao rescate do servizo con fixación de indemnización para ou seu titular.

- A encomenda de xestión reservase na súa utilización para aqueles supostos nos que as entidades carezan de medios necesarios para poder abordar ou satisfacer as necesidades públicas de que se trate, polo que calquera acordo que así se tome deberá estar suficientemente motivado canto máis supón detraer da concorrencia non so a realización senon a explotación de obras por períodos moi superiores aos marcados na normativa contractual para a xestión de servizos públicos ou para ou distinto contrato de concesión de obra pública.

- Deberá igualmente aclararse con carácter previo á adopción de calquera acordo a que "...entidade supramunicipal que recolla as súas competencias a abastecemento de auga en alta...", refírese a cláusula quinta xa que se reitera unha vez máis, o concello debería saber a que compromisos e obrigas debe facer fronte, para poder valorar axeitadamente o interese público presente e a legalidade dos mesmos."

NESTE MOMENTO ENTRA NON SALÓN SESIÓNS O CONCELLEIRO D. ALBERTO VILLAVARDE MÉNDEZ.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián e de que a obra total para todos os concellos ascende a un total de 41 millóns de euros. Neste momento estase a facer o proxecto. Para que Aquanorte contemple no

proxecto a Poio temos que adherirnos a este convenio para non quedar fora destas obras e dentro de seis meses podemos decidir, creo que é conveniente para Poio a adhesión. Cos fondos europeos custará a metade.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo Popular vaise abster de votar, ao igual que ou fixo na Comisión Informativa, xa que consideramos que existen indeterminacións pero cando chegue o definitivo estudaremos e votaremos en consecuencia.

A Sra. Besada Lores manifesta que o Grupo Socialista está de acordo coa adhesión ao convenio xa que a rede de abastecemento está en moi mal estado e é necesario a súa acometida motivada principalmente polas roturas da rede xeral.

Sometido á votación a Adhesión ao convenio coa Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, SA para a construción e explotación da actuación "Novo Abastecemento de Auga a Pontevedra e a súa Ría" este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP

3352.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A NOVA LEI DE CAIXAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2010 e que di textualmente: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asisitentes, dáse conta da moción do mes de febreiro de 2010, presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o dia 16 de febreiro de 2010, na que tras unha ampla exposición de motivos solicita o debate no Pleno do Concello de Poio do seguinte acordo:" 1. Galicia ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do noso país, adaptándose á lexislación básica do Estado e no marco constitucional de distribución de competencias. 2. Defender a galeguidade e a solvencia das Caixas de Aforro de Galicia, así como a aplicación do principio democrático e pluralista á representación social nas Caixas. Para conseguilo é imprescindible o respecto ó funcionamento das institucións no marco constitucional, mediante a adaptación da Lei galega ó ditame do Consello de Estado. 3. Defender unha solución para as Caixas que preserve a súa galeguidade mediante o reforzamento da súa solvencia; esta situación ten que partir do necesario respecto á vontade das propias Caixas garantindo o seu equilibrio territorial, o acceso ó creto, a solvencia e a promoción do noso desenvolvemento."

A Comisión dáse por enterada da moción e que se pase a

debate ao Pleno. "

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián e manifesta están de acordo en que as caixas sexan galegas e ao mellor hai que tomar unha decisión de que se galegas e constitucionais. Non podemos votar a favor porque sabemos que todo a vez non pode ser.

Sometido a votación a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista sobre a nova lei de caixas esta quedou rexeitada por 3 votos a favor do PSOE, 14 votos en contra (7 do BNG e 7 do PP) e ningunha abstención.

3353.- DAR CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN CO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta dos acordos números 7587 e 7638 adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesións realizadas o 01/02/2010 e 08/02/2010, respectivamente e que din textualmente: "7587.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE 25 DE XANEIRO DE 2010.- Dáse conta da acta anterior da sesión ordinaria realizada por este órgano colexiado o 25 de xaneiro de 2010 e advertido o erro existente no acordo número 7562 en canto á denominación do proxecto de investimento nel refletido, a Xunta de Goberno Local polos cinco membros presentes na sesión sendo seis o seu número total de membros e ao abeiro do artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, acordou aprobar a referida acta coa seguinte rectificación: Onde di. "Reformado primeiro do proxecto de execución para a restauración dun edificio in situ en una esquina de la finca González Besada", debe dicir: "Restauración do edificio sito nunha esquina da finca González Besada"". "

"7638.-FONDO ESTATAL PARA EL EMPLEO Y LA SOSTENIBILIDAD LOCAL. Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por unanimidade, elévase á consideración dos membros da Xunta de Goberno Local as emendas realizadas sobre as fichas das memorias que serviron de base para os seguintes acordos adoptados polo mesmo órgano colexiado en relación ao Fondo Estatal de Empleo y Sostenibilidad Local:

1. Acordo 7563, Proxecto "Recuperación da ruta fluvial dos muíños e integración no casco urbano de Samieira": con data 3 de febreiro de 2010 recíbese correo electrónico da Subdelegación do Goberno en Pontevedra comunicando que a actuación de acordo cos datos remitidos non é financiable. Unha vez examinado polo departamento de

enxeñaría, modifícase a Memoria e ficha substituíndo o seu encadre dentro do apartado i) do parágrafo primeiro do art. 9 do Real Decreto 13/2009, polo apartado f) do mesmo artigo, incidindo así mesmo na vinculación do referido proxecto co obras de alcantarillado e saneamento modificando en tal sentido a descripción das obras a realizar quedando redactada nos seguintes termos: "A praza Alfredo Romay Besada e parte do camiño Seimorzáns, da parroquia de Samieira, na actualidade carecen de rede de saneamento. Nesta zona confluen as sendas fluviais do río Freiría que atravesa a devandita praza. Co obxecto de evitar os posibles verquidos ao río, o presente proxecto pretende dotar de rede de alcantarillado á praza e ao camiño, mellorando así a senda fluvial. A rede de alcantarillado estará formada por canalización de PVC de 315 e 400 mm de diámetro. Tamén dotarase a zona de rede de abastecemento de augas con tubería de PE de diámetro 110 mm PN10. Finalmente repoñerase a pavimentación da praza, e colocarse instalación de alumado público."

2. Acordo 7566 Proxecto: "Adecuación de espazos deportivos en Boa Vista" con data 2 de febreiro de 2010 recíbese correo electrónico da Subdelegación do Goberno en Pontevedra comunicando que a actuación de acordo cos datos remitidos non é financiabile. Unha vez examinado polo departamento de enxeñaría, modifícase a Memoria e ficha substituíndo o seu encadre dentro do apartado l) do parágrafo primeiro do art. 9 do Real Decreto 13/2009, polo apartado i) do mesmo artigo, modificando en tal sentido a descripción das obras a realizar quedando redactada nos seguintes termos: "En el lugar de Boavista del municipio de Poio existe una zona verde de especial relevancia natural situada en zona urbana. Las actuaciones previstas en el proyecto pretenden dar continuidad, a través de los distintos espacios de esta zona verde, a la senda, para su integración en el casco urbano de la zona. Así se conseguirá un lugar público creando un área medio ambiental que permita a los ciudadanos diferentes usos, como senderismo, paseo, lectura, y otras actividades. Las obras consistirán en la realización de trabajos de desbroce, deshierbe y limpieza sobre la vegetación existente, procediendo al apeo selectivo de parte del arbolado. Sobre el terreno se llevarán a cabo trabajos de movimiento de tierras y acondicionamiento de las sendas existentes. En las plataformas se proyecta un perfilado de las mismas con plantación de gramíneas, para la consolidación de caminos se colocarán rollizos. En las zonas de mayor pendiente se sustituirá la vegetación por especies tapizantes".

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos seis membros presentes, ao abeiro do establecido da disposición adicional segunda da Lei 30/2007,

de 30 de outubro, de contratos do sector público e en exercicio das funcións delegadas pola Alcaldía por Decreto de 21 de xuño de 2007 ao amparo das competencias previstas nos art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e o art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, acordou:

Primeiro.- Prestar aprobación ás modificacións realizadas na ficha memoria e nos acordos adoptados con numero 7563 e 7566 no sentido exposto no presente acordo.

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice."

O Pleno, ao abeiro do establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, por unanimidade de asistentes acordou ratificar os acordos adoptados nas sesións realizadas o 01/02/2010 núm. 7587 "Aprobación acta anterior de 25/01/2010" e do 08/02/2010 acordo núm. 7638 "Fondo Estatal para el empleo y la sostenibilidad local".

3354.- URBANISMO, RATIFICACIÓN DO ACORDO NUM. 7621 EXP. 506/08, D. JORGE FRAMIS SERRA, RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL PRODUCIDO NA REDACCIÓN DA PLANIMETRÍA DO PXOM, PARA INCLUIR UN CAMIÑO QUE NACE DO CAMIÑO RODOLLO, ARÉN, SAMIEIRA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do acordo número 7621 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 08/02/2010 e que di textualmente: "7621.-URBANISMO, EXPTE.: 506/08, D. JORGE FRAMIS SERRA, RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL PRODUCIDO NA REDACCIÓN DA PLANIMETRÍA DO PLAN XERAL, PARA INCLUÍR UN CAMIÑO QUE NACE DO CAMIÑO RODOLLO, ARÉN, SAMIEIRA.-Dáse conta do expediente tramitado e dos informes emitidos polo enxeñeiro, arquitecta, asesor xurídico e secretaria xeral do Concello que son os seguintes:

Informe do enxeñeiro de 19 de xuño de 2009: "En la comisión de urbanismo del pasado 23 / 12 / 2008 se acordó en el punto de urgencia 7.106 requerir al promotor de la segregación del asunto que solicitara informe al Ingeniero Técnico Agrícola D. Justino Guerra Arroyo.

Recibido el pasado 20/03/2009 el informe del Ingeniero Técnico Agrícola D. Justino Guerra Arroyo sobre el carácter público o privado de un vial sito en el lugar de Aren (Samieira) se da traslado del mismo a la Comisión de Urbanismo, comunicando que el técnico que suscribe se adscribe al mismo. En dicho informe se determina que el camino que limitaba las fincas objeto de la segregación por el Oeste era un camino de carro público.

Girada visita al terreno por el técnico Municipal el día 31 de marzo de 2009, se comprueba que en el camino donde quedará comprendida la Parcela resultante nº 1, Camiño do Souto, existe red de abastecimiento de agua, red

de saneamiento, acceso rodado, línea eléctrica y de telefonía.

Se comprueba también que en el camino donde quedarán comprendidas las parcelas resultantes números 2 y 3, llamado Camiño do Redollo, no existe red de abastecimiento, ni red de saneamiento, ni acceso rodado, ni línea eléctrica y de telefonía.

En el caso de que la segregación sea aprobada, los frentes de las parcelas resultantes 1, 2 y 3 deberán conectar los servicios de abastecimiento y saneamiento a la red existente en Camiño do Souto. Las parcelas 2 y 3 lo harán a través del camino público Camiño Redollo y la parcela 1 lo podrá hacer por Camiño Souto o Camiño Redollo.

Se da traslado del informe del Ingeniero Técnico Agrícola, Justino Guerra Arroyo, sobre el carácter público o privado del camino situado en la parroquia de Samieira”.

Informe da arquitecta municipal de 13 de xullo de 2009: “En relación á licenza de segregación solicitada por Jorge Framís Serra (exp. 506/08) nun terreo situado en camiño do Rodollo, do lugar de Braxilde (Samieira) e solicitado informe sobre a existencia do camiño nos planos o informe sobre a titularidade dun suposto camiño en Samieira, esta técnico emite o seguinte informe:

Examinado o plano de situación do terreo, e comprobado o plano 0,9 de ordenación xeral do PXOM o camiño non está grafiado como camiño na cartografía do plano serán como límite de terreo, está clasificado como solo de núcleo rural (SNR) e non consta no inventario de terreos de titularidade publica do Concello”.

Informe do asesor xurídico de 25 de xaneiro de 2010: “Visto o expediente tramitado, con motivo da licenza de segregación solicitada por D. Jorge Framís Serra, segundo proxecto redactado por D. José María Vidal Fernández, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data xullo de 2007 e visado o 6 de agosto de 2007, do que resultan tres parcelas, núm. 1 de 589,00 m², núm. 2 de 589,00 e núm. 3 de 589,00 m², en Solo de Núcleo Rural e a parcela núm. 4 de 62,00 m², núm. 5 de 54,00 m² e núm. 6 de 85 m², as tres de cesión ó Concello para ampliación do vial ó que da fronte a parcela, emítense o seguinte informe:

Primeiro: Consta no expediente o informe emitido, á petición do Concello, o 15 de marzo de 2009, por D. Justino Guerra Arroyo, Enxeñeiro Técnico Agrícola que tivo entrada no Concello o 29 de marzo de 2009, do que se desprende que o camiño ó que enfrontan as tres parcelas resultantes, que se pretenden segregar xa existía no Catastro do ano 1960 como camiño público.

Segundo: Con data 19 de xuño de 2009, emítense informe polo Enxeñeiro Municipal no que indica os servizos de que

dispoñen as parcelas cuxa segregación se pretende; así como informe do Aparellador Municipal de 25 de xuño de 2009 favorable á concesión da licenza de segregación solicitada; e o informe emitido pola Arquitecto Municipal con data 13 de xullo de 2009, polo que se comproba que o camiño ó que dan fronte ás tres parcelas que se pretenden segregar e as tres cesións para ampliación do vial non está grafitado como camiño na cartografía do Plan Xeral e estando incluído dentro do solo clasificado como de Núcleo Rural.

Por todo iso, tendo en conta que o camiño xa existía desde o ano 1960, antes de conceder á licenza de segregación solicitada, debe de tramitarse unha rectificación do erro material que se produciu na redacción da planimetría do Plan Xeral, coa finalidade de incluír na mesma o camiño indicado coa consideración de camiño público, grafitándose pola Arquitecto Municipal dito camiño público no plano de ordenación xeral 0.9, de ordenación xeral do Plan Xeral, todo isto de conformidade co disposto no art. 105 da lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O expediente deberá de ser ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo, correspondendo ó Pleno do Concello, por maioría absoluta adopta-lo acordo de aprobación da rectificación do erro existente no Plan Xeral, e cuxo acordo deberá de publicarse no BOP, de conformidade co disposto no art. 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e non entrando en vigor o antedito acordo ata que transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da mesma lei.

Igualmente, o acordo que se adopte deberá de notificarse á Secretaria Xeral de Urbanismo de conformidade co disposto no art. 92.5 da lei 9/2002, de 30 de decembro e a modificación introducida pola lei 15/2004, de 29 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”.

Informe da secretaria xeral do Concello de data 1 de febreiro de 2010:

“1. Antecedentes de feito.

3. Examinado o expediente consta a documentación que se relaciona de seguido:

1. Solicitud de segregación de terreos de 28 de novembro de 2008, número rexistro de entrada 6328, á que se xunta proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José M^a Vidal Fernández.

2. Ditame da Comisión informativa de urbanismo polo que inste ao peticionario para que incorpore ao expediente informe de D. Justino Guerra Arroyo, en relación á natureza do Camiño.

3. Informe de D. Justino Guerra Arroyo de 15 de

marzo de 2009 no que sinala que de conformidade coa documentación catastral de 1960.

4. Informe do departamento de enxeñería municipal de 19 de xuño de 2009.

5. Informe do aparellador municipal de 25 de xuño de 2009 no que sitúa o terreno do que se pretenden segregarse 6 parcelas nun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural tradicional.

6. Informe do arquitecto municipal de 13 de xullo de 2009 comprensivo da ausencia de inclusión do camiño no PXOM ou no inventario municipal.

7. Informe do asesor xurídico de 25 de xaneiro de 2009.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Remisión.

En canto á retificación que como erro material pretende levarse a cabo e non existindo elemento ningún que aconselle alterar o sentido das consideracións realizadas por esta funcionaria en informe emitido o 19 de novembro de 2009 sobre rectificación de erro na planimetría do PXOM, no lugar de Casal, remítome ás consideracións nel realizadas.

E respecto á segregación a que daría lugar un vez rectificadas as parcelas, reitero o sinalado no informe de 1 de febreiro de 2010 en relación co expediente 232/08, segregación de terreos en Camiño Estanco Vello, 3, Casal.

En consecuencia INFÓRMASE DESFAVORABLEMENTE a rectificación a realizar e á posterior segregación".

A Comisión Informativa de Urbanismo, na sesión realizada o 2 de febreiro de 2010, acordou "informar favorablemente a corrección do erro producido na planimetría do Plan Xeral de Ordenación Municipal".

A Xunta de Goberno Local, co motivo de evitar demoras innecesarias na tramitación do expediente e tendo en conta a data na que se presenta polo interesado a súa solicitude e de conformidade co establecido no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal, por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC, coa Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de acordou:

Primeiro: Prestar aprobación ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 2 de febreiro de 2010, procedendo á corrección do erro existente na planimetría do Plan Xeral de Ordenación Municipal no sentido descrito nos informes transcritos.

Segundo: Dar conta deste acordo ao Pleno na primeira

sesión ordinaria que realice nos termos previstos no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Cuarto: Notificar este acordo ao interesado, comunicándolle que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.”.

O Pleno, ao abeiro do establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, por unanimidade de asistentes acordou ratificar o acordo adoptado na sesión realizada o 08/02/2010 núm. 7621

3355.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL 2010.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do orzamento

xeral correspondente ao exercicio 2010 integrado polos estados de ingresos, estado de gastos e bases de execución do mesmo con todos os seus anexos.

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente que consta dunha memoria da presidencia, informe de intervención, bases de execución do orzamento,, estado da débeda, anexo subvencións nominativas, liquidación 2008 e avance do 2009, persoal, anexo investimentos, informe económico financeiro e listado ingresos e gastos orzamento 2010.

O Sr. Barreiro Lubián explica que se elaborou como no ano anterior segundo o estado actual de crise económica e que ten como consecuencia a redución de ingresos que se agrava polo feito de ser este o segundo ano en que se da unha minoración dos mesmos.

O Orzamento para o ano 2010 acada o montante de 11.050.000 de euros supondo unha minoración con respecto ao ano 2009 do 0,45% existindo unha variación de 50.000 euros.

Existe como no ano pasado unha limitación importante nos ingresos que condiciona a valoración do Orzamento.

O Sr. Domínguez Lino di que o Grupo Popular non vai apoiar o Orzamento. Séguese incumprindo o plan de saneamento, o endebedamento bancario que é importante aumenta, etc.

A realidade é a que é o 43% no capítulo de gastos correntes, bens e servizos no 2009 e segue no 2010. O que me gustaría é que que cumplamos co orzamento aprobado e non fagamos coma sempre modificacións orzamentarias, hai que facer un orzamento contando coas modificacións futuras.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que o plan de saneamento ten unha vixencia de 3 anos e que non temos tanta presa.

O endebedamento do 85% si é certo pero xa me gustaria ter menos, o aumento do endebedamento pode ser o redor dos 400.000 euros porque tamén se pagan outros préstamos.

Os gastos correntes como Cespa, Aquagest ou Sogama teñen que subir e non se poden rebaixar, o que se pode rebaixar faise cun 33%.

As modificacións orzamentarias son correctas e previstas na lei, estando ben respaldadas non importan.

A Sra. Besada Lores quere dicir que o seu grupo político vai apoiar o orzamento xa que está elaborado en base a situación actual que temos aínda que non cumplan a estabilidade orzamentaria para o cal temos 3 anos e vaise reducindo notablemente o endebedamento cada ano.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP, de conformidade co establecido nos artigos 168.1º e 216 e seguintes do Real

Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, acordou adoptar o seguinte dictame

Primeiro.- Informar favorablemente o levantamento do reparo suspensivo que respecto a aprobación de diversas facturas por importe de 43.254,46 euros se contempla no Anexo I ao Informe da Intervención.

Segundo.- Informar favorablemente a aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2010 en todos e cada un dos seus estados e anexos."

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián no que manifesta que a elaboración do orzamento deste exercicio foi máis complicada polo motivo de que os ingresos son menores. O importe practicamente mantense igual que o 2009 pero as aplicacións de gasto corrente son menores. Este ano non se subiu ningún tipo de imposto para que os ingresos familiares non se visen minorados cos incrementos.

O Sr. Domínguez Lino di que estamos ante uns orzamentos que como nos anunciou o bigoberno de Poio, austeros e nos que se apretan o cinturón, pasando dun total de 11.100.000 € do ano 2009 a 11.050.000 € do ano 2010, é dicir, que a un descenso do 0.45% do orzamento total cun descenso de unicamente 50.000 €, é denominada austeridade e apretón do cinturón por algúns. Por tanto, Sr. Sobral, Sra. Besada desde o PP dámoslle a noraboa por ese apretón do cinturón e austeridade demostrada.

Son uns orzamentos por un total de 11 millóns e dos que máis de 10 están en débeda bancaria e que fará que todos os anos teñamos que pagar en amortizacións e xuros máis de 785.000 € anuais, é dicir máis de 130 millóns das antigas pesetas, o que nos deixan hipotecados máis alá do 2032. Non lles quero dicir cando empece a subir o tipo de xuro, o que imos ter que pagar nun futuro próximo con dita subida.

Estes días saíu nos xornais un informe do Ministerio de Economía e Facenda, por tanto supoño que non será demagogia nin un invento do PP, na que o Concello de Poio, xunto con 21 concellos máis, teñen saldos negativos os seus peches, e con unha débeda elevada que fai que nos veña a inspeccionar o Consello de Contas, como tamén se anunciou publicamente fai poucos días.

Estamos ante unhas previsións de peche deste ano 2009, que non son nada prometedoras, cun posible déficit no peche do exercicio de máis de 2 millóns de euros, segundo o avance do peche do ano 2009, que acompaña aos orzamentos.

En canto ao plan de saneamento financeiro que aprobaron

o pasado ano, non sei porque o aprobaron, xa que o incumpren sistematicamente e non so o di o PP, por tanto tampouco será unha invención nosa, senón que no informe de Intervención así o especifica. Incumpren o gasto de horas extraordinarias, xa lle dixen á Sra. Besada que volveu a incumplir a súa palabra, pero isto non nos extraña nin ao PP nin aos veciños. No pleno do orzamento do ano pasado díxosenos, a Sra. Besada, que se estaban tomando medidas para suprimir os gastos das horas extraordinarias e que ao final do ano o PP podía comprobar. E efectivamente, comprobámolo das súas nefastas previsións, sigue incrementando o custo das horas extraordinarias, nos tres últimos anos gastáronse máis de 560.000 € (é dicir máis de 93 millóns das antigas pesetas) e iso que menos mal que ía reducilos, coa súa gran política de persoal.

Un ano máis incumpre a súa palabra e xa van tres anos, temos uns orzamentos novos e seguimos sen RPT, cando de todos é coñecido e público que necesitamos urxentemente unha reorganización do persoal do Concello.

Incumpren en materia de festexos con un gasto superior sen pechar o ano 2009 en máis de 500.000 €, en publicidade o incumpren, en atencións protocolarias igual, e así poderíamos seguir ata agotalos. Todo o que orzamentaron baixar, ao final case o duplican. Esa é a súa política de contención.

Temos uns investimentos por 1.336.353,16 € e a mostra máis fehaciente da penosa situación económica do Concello de Poio, é que con fondos propios non facemos nin un euro en investimento. É dicir, que as nosas arcas está baleiras para realizar investimentos e isto é outro signo de debilidade económica do Concello de Poio, e a que non está levando Sr. Sobral e Sra. Besada.

Uns investimentos que proxectan que desde o PP, por certo, que non imos a discutir pero se queremos deixar claro, que votamos en falta investimentos para mellorar o benestar dos nosos veciños, como para completar os servizos básicos aos veciños como son o saneamento e abastecemento que en pleno século XXI existen en Poio moitos veciños que aínda carecen deles. Faltan investimentos :

- Para un centro de día tan necesario para os nosos maiores.

- Faltan investimentos para a prometida piscina municipal, que ía a ser realidade (según algúns) despois das eleccións do ano 2007.

Volvemos a pedir un ano máis unha revisión e reestruturación do persoal do concello, petición ademais unha vez máis refrendada polo informe da Secretaría e o

comentado con anterioridade con respecto ao persoal e ás súas horas extraordinarias

Unha vez máis queremos demostrar as mentiras do bigoberno de Sobral e Besada. Anúncianos a bombo e platiño unha redución de gastos correntes do 33%, cando a realidade é moi distinta e as contas do orzamento, me refiro, no capítulo II do orzamento de gastos reflite unha redución do 1% de 4778661 € pasamos a 4729205,59 €, é dicir, 50.000 € do ano anterior, o que sigue supoñendo un 43% do total do orzamento.

Queremos destacar e un ano máis o denunciemos, a rebaixa que desde o goberno socialista o Sr. ZP non fai ingresos do fondo estatal, que aos 120000 € rebaixados máis ou menos nos ingresos do estado do ano pasado. Este ano volvemos a ver rebaixada a cantidade, supoñendo este ano 2010 un 18% menos, é dicir, 455.000 € menos de ingresos. Fronte a isto, esta aportación da Xunta de Galicia como se comprometera, mantén a axuda aos concellos durante o 2010.

Orzamentan 200.000 €, en ingresos por vendas de entradas en concertos. É dicir, seguen aumentando o capítulo de festas. Este ano pasamos dos orzamentos oficiais de 203.000 € para festas do ano 2009 aos 413.000 deste ano 2010, iso si cunha previsión de 200.000 € en venda de entradas en concertos, que como sexa do tipo do ano pasado, que se anunciou un concerto de rock con asistencia de máis de 10.000 persoas (incluso coa presenza de antidisturbios) e ao final non asistiron máis de 100 persoas, o déficit en festas, por este motivo (e como está ocorrendo nos últimos anos) será outro ano máis espectacular e iso que estamos en plena crise económica.

Por todo isto, desde o PP non podemos estes orzamentos que incumpren os compromisos cos veciños, que nos endebedan se cabe, e que non solucionan os problemas existentes no Concello de Poio e nin teñen en conta as peticións do PP dos últimos anos.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que facer unha valoración do orzamento dicindo que non hai austeridade non é así, hai que analizar as partidas, iso non é un dato. A hipoteca que temos permite que os veciños de Poio estén a disfrutar duns servizos que senón sería imposible e o que lles fastidia a vostedes é que os veciños estén disfrutando de servizos. As inspeccións do Consello de Contas son normais, virán e comprobarán que as cousas se fan correctamente e nada máis. Non sei de onde sacan os resultados negativos porque as nosas contas son positivas e non están tan axfisiados como vostedes din.

Sobre a Relación de Postos de Taballo pensa alguén que vai arranxar algo.

Coa dispersión que temos o 95% da poboación disfruta do saneamento.

Sobre a austeridade, entendo que o PP di que facemos gastos que non vale, solo serven os de saneamento e abastecemento e despois fala da piscina e Centro de Día, non entendo porque falan de austeridade porque eu entendo que nos poidan acusar de non ter unha piscina aínda que estamos chegando a uns índices de poboación no que xa se faga necesario.

O concello ten 120000 € máis de gasto por non subir as taxas pero que hai que pagar as concesionarias o importe do contrato.

O actual sistema de financiamento para as entidades locais. Saben vostedes que aprobou este sistema foi o PP, pero se agora se rebaixa para vostedes é un problema do Estado non de quen aprobou ese sistema de financiamento.

As atencións protocolarias si se cumpre a súa redución no plan de saneamento previsto.

A Sra. Besada Lores di que se rebaixan as partidas un 33% senon é un orzamento austero non sei que é austeridade, pero gustaríame que aínda solo un ano o Sr. Domínguez nos propuxera un orzamento ideal para o concello ou un tipo de obras a facer.

Sobre o plan de saneamento temos 3 anos para cumprilo e non di que a pesar de que non se cumpre si se está a rebaixar.

Con respecto ás horas extraordinarias dixen que trataríamos de rebaixalas e é certo que o gasto foi o mesmo que o 2008 pero si se veñen rebaixando co motivo que houbo persoal de baixa persoal que non se substituíu e replazouse mediante a realización de horas extraordinarias, e o persoal de cooperación incorporouse tarde, sobre os meses de xuño e para dar todos os servizos hai que duplicar ou triplicar horas.

Tivemos 3 policías na academia e o resto dos compañeiros tiveron que cubrilos e se comparamos as circunstancias de cada ano, rebaixáronse as horas un 50%.

A Relación de Postos de Traballo estase a realizar contratouse no ano 2009 e espero que en 15 días se presente, e efectivamente non vai ser a panacea. As horas extraordinarias non se solucionan coa RPT e o Sr. Domínguez tamén votou en contra do incremento do persoal cando se levou a pleno.

Con respecto ao saneamento, había un orzamento de

600.000 € que o PP non mandou nada pero afortunadamente ese saneamento, practicamente xa o ten realizado o concello grazas aos traballadores.

Co plan provincial e medios municipais eses 600000 van quedar en investimentos pero tamén imos remitir á Xunta un proxecto para saneamento en San Martino.

Os Centros de Día que eu sepa tamén os subvenciona a Xunta e estamos esperando a que nos reciba a Consellería de Benestar Social ao mellor se media vostede igual nos recibe.

Sobre a piscina tamén nos interesaría a financiación da xunta e estamos esperando o financiamento dos Portos de Raxó e Covelo, Seguridade Vial na PO308.

Ademais na PO 303 que votaron un pouco chapapote aínda a teñen sen rematar e despois votan a culpa ao Concello que por certo poden dicirlle que veñan a rematar a obra.

O Sr. Domínguez Lino di que o saldo a 31/12/2009 é de 9.018.368,73 € e a 31/12/2010 10.038.368,70, non o digo eu dio o informe da intervención.

En atencións protocolarias gastouse en 2009: 61.665 e un 105% máis que no orzamento e o do gasto ao orzamentado hai 1.250.000 € máis.

En canto ás horas extraordinarias non se rebaixaron un 50% como di a Sra. Besada.

As prazas de persoal foron vostedes quen as rebaixou.

Os 4.000.000 € garantízolle que ao final da legislatura vaise investir moito máis en Poio que co bipartitpo.

O Sr. Barreiro Lubián di que estamos en 40 puntos por debaixo do permitido pero preguntome cal sería o adecuado. O mellor é que os veciños estén disfrutando dos investimentos.

Can é o endebedamento da Xunta, será máis ou menos que o Concello de Poio. Porque coñecedes que se endebedou o máximo permitido pola Lei.

Non entendo como alguén pode formar parte dun equipo que se endebeda así e despois veña aquí a criticar o noso endebedamento.

A vostede non se lle escapa que todas as modificacións orzamentarias poder facerse dentro da legalidade porque todo está previsto na lei.

O Sr. Alcalde di que o orzamento é moti adpatado á realidade, e debemos olvidarnos de que veña algún investimento para Poio por parte da Xunta. Gustaríame que se forna a facer investimentos no 2010 por parte da Xunta no Concello de Poio.

Unha cousa é que apareza nos orzamentos da Xunta unha cantidade e outra cousa é que realmente se fagan investimentos. A Sra. Besada é moó optimista.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, o Pleno, de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 e xullo de Administración Local de Galicia, 168.1º e 216 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en votación ordinaria e por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e sete en contra (PP), ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar o levantamento do reparo suspensivo que respecto a aprobación de diversas facturas por importe de 43.254,46 euros se contempla no Anexo I ao Informe da Intervención

Segundo.- Prestar aprobación inicial o proxecto xeral de orzamento municipal para o exercicio 2010 en todos e cada un dos seus estados e anexos, bases de execución por un importe de 11.050.000 €.

Terceiro.- E que se someta á información pública mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios polo prazo de 15 días hábiles, para a formulación de alegacións e suxestións, considerándose aprobado definitivamente se durante o citado prazo non se presenta reclamación ningunha, segundo o disposto no RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo.

3356.- URBANISMO, RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, INFORME SOBRE CAMBIO DE MATERIAL DE ESTRUCTURA DAS CUBERTAS EN COMBARRO.- Previa ratificación por unanimidade da inclusión na orde do día do presente asunto por non ser ditamintada previamente por comisión informativa ningunha, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do acordo número 7665 adoptado pola Xunta de Goberno local do 15 de febreiro de 2010 e que di textualmente: "7665.-URBANISMO, INFORME SOBRE CAMBIO DE MATERIAL DE ESTRUCTURA DAS CUBERTAS EN COMBARRO.-Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo voto favorable dos cinco membros presentes da Xunta de Goberno Local, sendo seis o seu número total de membros, dáse conta do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Seguimento do Plan Especial e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, de 27 de outubro de 2009, no que se prestaba conformidade ao informe emitido pola arquitecta municipal de 25 de setembro de 2009, sobre cambio de material de estrutura da cuberta

das edificacións incluídas dentro do ámbito do devandito instrumento de planeamento e que é o seguinte: "Dadas as numerosas solicitudes de información de forma verbal sobre as condicións das reformas ou rehabilitacións das cubertas das edificacións emprazadas no eido do Plan especial de Combarro e sendo a pretensión xeral dos propietarios o cambio de material da estrutura de madeira das cubertas, a técnico municipal emite o seguinte informe para a súa consideración pola Comisión de seguimento do plan especial de protección do casco histórico de Combarro e do Catálogo de edificios e conxuntos do concello:

Examinada Normativa do plan especial de Combarro aplicable ó casos de reforma de cubertas, resultan diferentes supostos de obra, con diferentes esixencias respecto da conservación ou non do material orixinario da estrutura de madeira das cubertas:

1.- No caso de edificacións nas que os materiais son definitorios da tipoloxía edificatoria, a ficha correspondente pode especificar a obriga de manter o material da estrutura da cuberta sendo clara a prohibición de cambio do material.

2.- Nos casos nos que a ficha reflecta que a edificación forma parte do Catálogo do Plan especial, deben de aplicarse as condicións xerais do Catálogo. (artigo 5.1.1 .3), respecto da reestructuración de cubertas na que "o tratamento das mesmas terase que axustar ó establecido no artigo 3.5, recuperándose os materiais utilizables co gallo de non afectar ó carácter primitivo da edificación".

A definición de reestructuración de cubertas en edificacións catalogadas (artigo 5.2.6) refírese a "aquelas que afecten á substitución total ou parcial dos elementos estruturais da mesma co gallo de axeitala ós novos usos previstos".

No caso de edificacións catalogadas con nivel de protección estrutural, no artigo 5.3.3.c) da Normativa do Plan especial establécese a obriga de manter tipoloxías e materiais da estrutura horizontal, coa excepción de casos de estrutura ruínosa e casos de rehabilitación desaconsellable e/ou excesivamente gravosa, nos que é obrigatorio restituí-la tipoloxía do sistema estrutural (valos de carga e forxados lixeiros) prohibíndose a súa substitución por placas de formigón.

3.- Nos casos nos que a ficha non prohíba expresamente o cambio do material e permita a rehabilitación ou reforma da edificación, debe de aplicarse o artigo 3.5 de condicións estéticas da Normativa do Plan especial.

No artigo 3.5 de condicións estéticas da Normativa do Plan especial, respecto dos materiais a empregar nos cubertas (3.5.12.3º), establécese que "1. A estrutura poderá ser de calquera material. 2. A cubrición será forzosamente de tella curva do país ou tella plana. 3

".

4.- Nos casos de edificacións en situación de fóra de ordenación, aplicarase o artigo 103° da Lei 9/2002, segundo o cal se a edificación é totalmente incompatible co planeamento (103°.2) unicamente poden autorizarse obras de simple conservación e as necesarias para o uso preexistente e se a edificación é só parcialmente incompatible co planeamento (103°.3) poden autorizarse obras de mellora, ampliación ou reforma que se determinen no plan (neste caso, o Plan especial de Combarro e as fichas correspondentes).

Dos casos expostos, os que poden plantexar a dúbida de se o cambio de material da estrutura de madeira das cubertas por estrutura metálica ou de formigón prefabricado, son os dous últimos e, fundamentalmente, no caso de edificacións de tipoloxía non tradicional (nos zonas de borde e de hortas do casco) sen interese arquitectónico reseñable e nos que as fichas non especifican a conservación de elementos de interese.

Nestes casos, as determinacións do Plan especial remiten ás condicións xerais das cubertas do artigo 3.5.12.3°, segundo o cal "a estrutura poderá ser de calquera material".

Por tanto, das condicións aplicables da Normativa do Plan especial pode desprenderse a posibilidade a autorizar o cambio de material da estrutura de madeira por outra de material prefabricado para os casos de solicitude de licenza de obras de reforma ou rehabilitación das cubertas en edificacións existentes non catalogadas, sempre que non implique a modificación do volumen da cuberta (no caso de estar en situación de fóra de ordenación por ser parcialemnte incompatible co plan)".

De conformidade co artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Poio, sendo necesario proceder á tramitación de expedientes afectados polos criterios previstos no informe técnico transcrito, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) e co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC, **acordou:**

Primeiro: Prestar aprobación ao contido do informe emitido pola arquitecta municipal de data 25 de setembro de 2009, sobre reforma de cubertas - cambio do material de estrutura da cuberta das edificacións incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, seguindo o ditame emitido pola correspondente comisión informativa na sesión realizada o 27 de outubro de 2009, como criterios

interpretativos a seguir en expedientes nos que concorran idénticas circunstancias ás analizadas no devandito informe.

Segundo: Dar conta do presente acordo ao Pleno para os efectos da súa ratificación na primeira sesión ordinaria que realice.”.

Con data 23 de febreiro de 2010 deuse coñecemento á Comisión Informativa de Urbanismo.

O Pleno, ao abeiro do establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, por unanimidade de asistentes acordou ratificar o acordo adoptado na sesión realizada o 15/02/2010 núm. 7665

3357.- MOCIÓN DO BNG-POIO “DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES” DO DÍA 8 DE MARZO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do texto da moción consensuada polos tres grupos municipais: Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do Partido Socialista, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, o 23 de febreiro de 2010, núm. 1081.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da corporación por unanimidade acordou aprobar o texto da moción presentada co motivo do Día Internacional das Mulleres do día 8 de marzo de 2010, adoptándose o seguinte acordo:

- Realizar actos de conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, para sensibilizar á veciñanza sobre a discriminación das mulleres, comprometendo ás asociacións e entidades do Concello.

- Asumir o compromiso de traballar para asegurar a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade desta entidade local.

- Levar a cabo accións de sensibilización necesarias para promover a corresponsabilidade no eido doméstico.

- Promover e difundir a obra e vida de Rosalía de Castro, resaltando o contido feminista da súa obra.

- Incorporar a dimensión de xénero en todos os Plans, Programas e demais actuacións que se poñan en marcha desde a entidade local en resposta á crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta a especial incidencia que esta ten nas mulleres.

- Adherirse á “Declaración de Cádiz, cara unha sociedade máis eficaz e sostible”, subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados da UE.

- Solicitar da Xunta de Galicia o desenvolvemento do Plan de Emprego para as Mulleres, poñendo a disposición dos concellos máis recursos para posibilitar a incorporación das mulleres ao emprego remunerado, con medidas concretas para garantir o principio de “a igual traballo, igual

salario", incorporando liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos con importante presenza feminina (labregas, mariscadoras, redeiras...)

-Solicitar da Xunta de Galicia a posta en marcha dun servizo público de canguros, que facilite a conciliación da vida familiar e laboral da muller.

-Solicitar da Xunta de Galicia o desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

- Dar traslado deste acordo ao Parlamento Galego, ao Ministerio de Igualdade.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-
Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.